

Curso de preparación exame CAE de Cambridge

TIPO: Anual

DURACIÓN: 110 horas

LUGAR: Campus de Vigo e Pontevedra.

Obxectivos

Curso de inglés para a preparación do exame CAE (*Certificate in Advanced English*) outorgado pola *University of Cambridge ESOL Examinations*.

O exame corresponde ao nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, segundo o cal o nivel adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender unha ampla variedade de textos extensos e con certo nivel de esixencia, así como recoñecer neles sentidos implícitos; cando sabe expresarse de forma fluída e espontánea sen mostras moi evidentes de esforzo para atopar a expresión axeitada; cando pode facer un uso flexible e efectivo do idioma para fins sociais, académicos e profesionais; e cando pode producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, amosando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.

O exame avalía cinco destrezas: *Reading, Writing, Use of English, Listening e Speaking*

Como acceder

O requisito para acceder ao curso é que as/os solicitantes teñan coñecemento intermedio-alto de inglés, que debe acreditarse aportando un certificado de nivel B2 ou a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos.

- Nivel Avanzado 2 da Escola Oficial de Idiomas
- Acreditación de nivel B2 expedida polo Centro de Linguas
- Acreditación B2 CertAcles
- FCE Cambridge
- Trinity College ISE II
- Puntuación 5,5-6,5 no exame IELTS

Certificados

- CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

Prezo do curso **

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 429 €

Público en xeral: 520 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección.

O exame realízase na Escola Rosalía de Castro, Bembrive, Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.

****O prezo do exame non está incluído no curso**